

Animación á lectura e contacontos

Abril
Maio | 2021



Biblioteca Municipal Isidro Novo MIHL Parque da Milagrosa

Presentamos unha nova programación de animación á lectura pensada para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos.

Co fin de poder garantir a distancia de seguridade, as actividades realizaranse no MIHL (Museo Interactivo da Historia de Lugo). Para asistir a todas elas é preciso retirar unha entrada a través do portal entradaslugo.es. As entradas son gratuitas e estarán dispoñibles desde unha semana antes da actuación.

As persoas adultas que acompañen aos nenos e nenas terán que retirar tamén entrada. Para dar preferencia ao público infantil, permitirse tan só un acompañante adulto por unidade familiar e entregaranse un máximo de tres por persoa.

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da lingua



#ActivandoLugo

Mércores, 14 de abril ás 18:30 horas

TRINKETRINKE

“Os ratiños da caixa”

Idades: a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

O rato Fuco vén dende Lonxedetodo, o lugar onde viven os ratos e ratiñas de biblioteca, para contarnos dous dos seus contos favoritos: “Contos de ratiños” e “Sopa de ratos”, dúas historias do escritor Arnold Lobel.

Venres, 23 de abril ás 18:30 horas

RAQUEL QUEIZÁS

“Cinema marabillas: ver para ler”

Idades: a partir de 5 anos

Duración: 50 minutos

A literatura é unha gran fonte de inspiración para o cine. No Dia do Libro, Raquel Queizás achéganos ás primeiras adaptacións cinematográficas inspiradas nos contos e libros clásicos da literatura.

Mércores, 5 de maio ás 18:30 horas

MAGÍN BLANCO

“O que levamos nas maletas”

Idades: a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

Contacontos musicado no que Magín Blanco interpretará algúns dos seus temas para público infantil, co que axudará aos nenos e nenas a estimular a súa creatividade e curiosidade polas letras, as palabras, a lingua e os contos.

Xoves, 13 de maio ás 18:30 horas

POLO CORREO DO VENTO

“Xela Arias. Liberdade, solidariedade e amor pola lingua”

Idades: a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

Achegámonos á obra de Xela Arias a través dun contacontos e obradoiro de ilustración a cargo de Enrique Mauricio e Carlos Taboada, editores do libro sobre a autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas, pertencente á colección Mulleres Galegas, de Lela Edicións.

Mércores, 20 de maio ás 18:30 horas

TARABELOS

“Sabela e o paxaro máxico”

Idades: a partir de 4 anos

Duración: 50 minutos

Adaptación dun conto popular galego no que se narran as penurias da pobre Sabela, que habita nun precioso castelo en terras galegas. Espectáculo de monicreques para que as nenas e nenos aprendan a romper cos estereotipos.